

## **FICHA TÉCNICA**

### **INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA BETANZOS**

**Creación:** Por Orde do 8 de novembro de 2000 da Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria (DOG nº 224, do 20.11.2000) pola que se establecen as condicións que deben de cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitícola.

**Regulamentación:** Orde do 8 de novembro de 2000 da Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria (DOG nº 224, do 20.11.2000) pola que se establecen as condicións que deben de cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitícola. Modificada por: Orde do 21 de decembro de 2006 da Consellería do Medio Rural (DOG nº 2, do 3.01.2007), Orde do 28 de abril de 2008, da Consellería do Medio Rural (DOG nº 89, do 9.05.2008) e Orde do 1 de febreiro de 2012 (DOG nº 31, do 14.02.2012).

**Enderezo:** Pazo de Quián, s/n. Sergude  
15881 Boqueixón. A Coruña  
Tel: 881 997 279  
Fax: 981546 676  
**correo electrónico:** [ingacal.certificacion@xunta.gal](mailto:ingacal.certificacion@xunta.gal)

**Rexistros a 31 de decembro de 2017:**


Superficie en produción:	4,6 ha
Viticultores:	6
Industrias:	5

**Volume de actividade no ano 2017:**

Produción uva:	16.229 kg
Viño calificado :	5.000 l
Valor económico estimado:	20.156 €

**Zona amparada pola IXP Betanzos**

A zona amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Betanzos está constituída polas terras aptas para a produción de uva dos concellos de Bergondo, Betanzos, Coirós, Miño e Paderne, así como das parroquias de Abegondo, Cabanas, Cerneda, Cos, Cullergondo, Leiro, Limiñón, Mabegondo, Meangos, Montouto, Presedo, Sarandóns, Vilacoba e Viós no concello de Abegondo; das parroquias de Bandoxa, Cis, Cuiña, Mondoí, Oza, Porzomillos, Reboredo, Salto e Vivente do concello de Oza dos Ríos e das parroquias de Osedo e Soñeiro do concello de Sada, toda ela na provincia de A Coruña.



## Características dos viños da IXP Betanzos

Son vinos lixeiros, de graduacións alcohólicas moderadas; os elaborados a partir de uvas brancas presentan unha cor amarelo pálido con reflexos verdosos; os aromas son frutais e florais e o sabor é lixeiramente acedo e con postgusto persistente; os elaborados a partir de uvas tintas presentan cores de intensidade media de vermello-cerdeira a vermello-cerdeira escuro; aromas a froitos do bosque e o sabor é suave con estrutura e persistencia medias.

## Variedades de uva da IXP Betanzos

- **Brancas recomendadas:** godello, branco lexítimo (albarín branco) e agudelo (chenín branco).
- **Brancas autorizadas:** palomino.
- **Tintas recomendadas:** mencia, brancellao e merenzao.
- **Tintas autorizadas:** gran negro e garnacha tintureira.

## Tipos de viños amparados:

Brancos e tintos, elaborados cun mínimo do 60% de uvas das variedades consideradas como recomendadas.

A graduación alcohólica mínima dos viños monovarietais é do 11% en volume e no resto dun 10%.

Evolución da produción de viño calificado pola IXP Betanzos (hl)

